

## **PREMIO 1º CICLO DA ESO**

**LAURA RODRÍGUEZ SIEIRA 1º ESO - C**

### **DESPERTAR**

As luces do mencer espertan a auga  
auga que bebe a semente dourada  
corre a vida na procura do alento  
verde é o manto que cubre a mañá

Esténdese a luz cubrindo a súa capa  
foxen con sombras á fría montaña  
espertan os froitos coa súa chamada  
racha a terra por onde ela pasa

Sonróxase o sol coa súa mirada  
choran as nubes para poder tocar a  
sinfonía de cores nun baile de gala  
a fermosa dama está anunciada

## MENCIÓN ESPECIAL 1º CICLO DA ESO

ANTÍA VIDAL FERNÁNDEZ 1º ESO - C

### SENSACIÓNS

Ao lonxe xa se escucha  
o son da fervenza  
que entra en loita  
cos outros sons da natureza.

O xílgaro e o paporroibo  
deléitannos co seu canto  
mentres rubimos as afiadas rochas  
para contemplar o campo.

Dende o alto do camiño  
aloumíñannos olores deliciosos  
e deixámonos atrapar pola cor  
de centos de xestas e toxos.

## **PREMIO BACHARELATO**

**ADRIÁN PÉREZ 2º BACHARELATO A**

### **LIBRÁDEME DESTA ALERXIA**

Un máis un  
achís, achús  
coas mates, a min,  
dáme un patatús.  
Integrar, derivar  
alerxia me dan.

O único que quero é chorar.

Traballo infinito  
para non chegar ó cinco.  
Suplico piedade...  
profes... APROBÁDEME.

Isto non é indirecta,  
é só un poema...  
por favor...  
Librádeme desta alerxia!

# MENCIÓN ESPECIAL BACHARELATO

FEDERICO REAL 2º BACHARELATO A

## QUIEN LO PROBÓ LO SABE

Para hablar de amor dedico un soneto  
considérenlo exento de hombría  
Aquellos que nunca noche y día  
sufrieron por un amor en secreto

La culpa la tiene su andar coqueto  
Tal vez su mirada verde y fría  
sin olvidar su pelo cuando conseguía  
que el sol se posara en él con respeto

Tiempos en los que ahora nadie sabe  
que es el amor puro y verdadero  
ni el placer de una caricia suave

ni queda un sentimiento sincero  
donde lo romántico ya no cabe  
en la sociedad que olvidó el te quiero